

B. INMOBILIARIA



DONDE ESTAMOS? A tu disposición en Prza Curros Enríquez (Antiguos Almacenes Olmedo, a lado del Burguer King) nº 1- Of 207. En www.selectainmobiliaria.com (nuestra oficina virtual). En nuestro correo: info@selectainmobiliaria.com. O en el tlf. 986 10 43 49. Elige la forma que te sea más práctica!!!!

SANTA CLARA, precioso apartamento de 1 dormitorio, cocina independiente, salón de 22 m, baño con ventana, tendedero, calefacción, amplísima plaza de garaje y bodega. Seminuevo. 55 m útiles. 125.000 €

ÁTICOS TIPO LOFT, al lado de la Alameda. Excelentes calidades. A estrenar. Garaje y bodega. 125.000 €

URBANIZACIÓN PAZO BESADA, ático con dos terrazas, todo exterior. 3 dormitorios, 2 baños, cocina amueblada con electrodomésticos. Garaje y bodega. 331.000 €

MARIN REFORMADO, 2 dormitorios, baño, cocina independiente, calefacción, ascensor. Piso alto y luminoso. Oportunidad. 69.000 €

URBANIZACIÓN PAZO BESADA, piscina climatizada, pista de pádel, parque infantil, local social, piscina exterior, gimnasio, sauna finlandesa, baño turco... Todo a tu alcance. Visita la urbanización sin compromiso!!!!

SEMINUEVO 123.000 €, 2 dormitorios, 2 baños, cocina independiente, calefacción, garaje y bodega. 9 años. Exterior.

CAFETERÍA FUNCIONANDO. Alquiler 500 € / mes. Zona Juan Carlos I. Traspaso de 60.000 €

ZONA SANIDAD, 3 dormitorios, baño, aseo, cocina amueblada, office, tendedero, calefacción. Reformado. Garaje opcional en otro edificio. 168.000 €

URBANIZACIÓN PAZO BESADA, compra tu piso con unas increíbles condiciones hipotecarias. Financiación hasta del 100%!!!

MERCADONA AVDA VIGO, 2 dormitorios, 2 baños, cocina amueblada, calefacción, garaje y bodega. Seminuevo. Amueblado. 450 €

ZONA MONUMENTAL, 3 dormitorios, baño, cocina independiente, calefacción, garaje. 500 €. Amueblado.

URBANIZACIÓN PAZO BESADA, ven a ver el piso piloto amueblado por cortesía de Nusco Mobiliario

PLAZA DE GARAJE, al lado de la Audiencia Provincial. Buen acceso. Cabe coche grande. 35.000 €

OFICINAS EN VENTA, Benito Corbal. Infórmate.

URBANIZACIÓN PAZO BESADA ¿no conoces todavía el paraíso? Visita nuestra página en facebook

Más información en www.pu-blihabitat.com

TIENES UNA PROPIEDAD para alquilar o para vender? Ponte en contacto con nosotros, te ayudaremos a encontrar un cliente. Ven a conocernos e infórmate de todo lo que podemos ofrecerte!!!



Prza. Curros Enríquez nº1. Of 207
Telf.: 986 10 43 49
info@selectainmobiliaria.com

VIVIR AQUÍ

viviraqui@diariodepontevedra.es

ENTREVISTA ► «Dentro do neboeiro que sempre rodeou a miña obra, de cando en vez foron aparecendo Torres de Hércules», di Xosé Vázquez Pintor a modo de balance. O escritor, que reparte a súa vida entre Agolada e Cangas, presenta mañá, en Pontevedra, 'Seara'

«Nunca me rendín»

BELÉN LÓPEZ

blopez@diariodepontevedra.es

«**ESCRIBÍ**n toda a vida como un gozo persoal para min. Era feliz así», reflexiona Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946). «Despois as críticas eran as que eran. Ou case non eran». Sobre todo ao comezo da súa carreira. E sobre todo no eido poético. Na narrativa, máis tarde, habería espazo mesmo para grandes recoñecementos: 'A memoria do boi' recibirá o Premio da Crítica en 2001. «Dentro do neboeiro que sempre rodeou a miña obra, de cando en vez foron aparecendo Torres de Hércules», reconece ao teléfono dende a súa casa de Cangas, o lugar no que pasa a maior parte do tempo, xunto con Agolada. Moito desta última localidade hai en 'Seara', a recompilación da súa obra poética (1971-2011) que vén de sacar Espiral Maior e que inclúe dous conxuntos de poemas inéditos: 'Anuncian aves' e 'Os versos do zapateiro'. A asociación Maio Longo organizou a presentación oficial desta obra en Pontevedra. Será mañá, coa presenza do propio autor, o editor Miguel Anxo Fernán Vello e o músico Xico de Cariño, no Pazo de Mugartegui (20.30 horas, entrada de balde).

Que é 'Seara'?

Seara é unha palabra fermosa que recuperei da miña infancia labrega. Porque aínda que nacín en Melide, eu fun un neno de Agolada, de Quián, un lugar da parroquia de Carmoega, o territorio que amo. Alí aprendino todo e foime medrando o orgullo polo territorio. Dese léxico foi que recuperei esa palabra que me lembra tanto o que era o sacrificio. Seino ben: meus pais viñan dunha herdanza de caseiros. A seara era o monte común, incluso dos pobres, o que se traballaba e compartía, ao que se tiña dereito sempre que vivises nesa aldea. Aínda existe.

Agora son tamén poemas.

Claro. É o título desta recompilación. Ten ese valor simbólico, metafórico, ou como queira o lector, dun monte de versos. Son dez libros, penso que feitos con esforzo dende a ousadía e a valentía.

Se Antonio Colinas di que en todos os seus libros «latexa a poesía», que non dirá Vázquez Pintor.

Moitos din que iso é unha eiva. Esa prosa miña. Porque é difícil, porque resta lectores... E si: eu, éxito de vendas cero. O outro día, nun coloquio en Lalín, falei disto,

de que ao mellor había que educar á forza. Porque aí, aos 15, 16 e 17 anos, é cando hai que abrir luces, descubrir palabras e símbolos. Neste punto chegamos á poesía. A poesía, que sempre está nun. O que pasa é que despois derivamos cara o comercio e facemos as cousas máis sinxelas e esquecémonos do léxico, esa parte fundamental da lingua.

Así que reivindica a poesía como xénero literario por excelencia.

A poesía é un deslumbramento. Eu son un home sensible, choro con calquera cousa. Non me avergonzo disto. Sinto as ledicias e as tristezas intensamente. Alguén diría que son temperamental. Son cousas que van con un. E logo non te desfás desa conduta nunca. Esa hipersensibilidade... Eu sempre fun así. Simplemente a poesía é o meu territorio. Lembro de mocino a descuberta de Miguel Hernández. No Bacharelato achar aqueles versos impactoume sobremaneira. Eu quería alcanzar o significado das palabras do pastor de cabras. Como dicir aquilo mesmo? Fronte aos territorios ilustrados, alí estaba aquela marabilla natu-

“ A miña infancia é labrega. Eu fun un neno de Quián, parroquia de Carmoega, en Agolada, o territorio que amo »

“ Sempre tirei de fronte e nunca baixei o sombreiro ante ninguén para que se me considerase domesticado »

“ Dicar 'somos galegos e non é vergonza' é algo moito máis serio que vestir a camisola do Celta ou do Dépor e ir a un estadio »

“ Moito me dicían: 'escribe fácil, escribe fácil'. Pero non é 'escribe fácil'. Eu escribo como sei! Non sei outra cousa »

“ Segundo nos ven, así nos tratan. Pero eu non creo nas academias. En ningunha. O idioma ten que existir moito máis alá »

ral. E xa nunca renunciei. Porque a min dicíanme «escribe fácil, escribe fácil...». Pero non é «escribe fácil». Eu escribo como sei! Non sei outra cousa.

Doéronlle consellos como ese? Gárdalle algún resentimento ao sector literario ou á crítica?

Non, non. Hai moitos anos quizais, pero pasou. Sentín falta de estima, que che diría eu, no 73, cando María Victoria Moreno publicou un libro que se titulaba 'Os novísimos da poesía galega', no que incluía a dez autores e que mesmo foi traducido ao castelán. Todos fomos marxidados. Pero incluso daquela para min todo este asunto era secundario e o que me preocupaba era só ser feliz. Máis nada. Superei pronto aquel silencio sobre nós. Chegaron outras alegrías. Unha que lembro moi ben foi cando me premiaron con 18.000 pesetas nuns xogos florais da Peregrina. Filgueira Valverde era o mantedor dos xogos e Cuña Novás o presidente do xurado. Trouxen a meus pais dende Agolada, xa moi velliños, a que me viran recollelo no Teatro Principal. E despois gastamos unhas pesetiñas celebrándoo comendo marisco eles os dous, María e máis eu. E ese premio aínda me deu para sacar o único libro que paguei do meu peto, un que me imprimiron en Paredes, 'Terra e pan'. Ilustroumo un rapaz que aínda estudaba en Santiago, Antón Sobral. Despois viñeron máis premios, máis loita, máis pelexa. A min estar excluído de calquera reseña non me derrubou nunca. Nunca me rendín.

E os recoñecementos chegaron.

Xa medraran os tempos. Aqueles 'censores' de antes xa non estaban ou se arrenpentiran de ternos dado de lado. E quen sabe se de non ter aqueles atrancos un non se asentaría máis e tería sido menos revolucionario e tería feito menos cousas. Ata iso haberá que agradecer.

E o espírito revolucionario mingua cos anos ou medra?

Medra! Estou encantado porque medra. A sociedade na que vivimos non dá para ser feliz. Sempre hai dificultades que superar nun e noutro ámbito. Pero eu tirei sempre de fronte e nunca baixei o sombreiro ante ninguén para que se me considerase domesticado.

Non considera luminosos os tempos actuais.

A nivel literario?

A todos os niveis.



Xosé Vázquez Pintor. ÁNGEL UTRERA

Non, non os considero en absoluto. Se falamos do territorio lingüístico, a cantidade de eivas é brutal. Moitos dos escritores da miña xeración procedemos do rural. Vivimos en contacto cunha fala que era unha música, un canto, metidos de cheo nun xeito de vida que era case máximo. Na oralidade está todo: as metáforas, a literatura, a poesía. O gran contraste do que eu me enriquecín foi o que me atopei entre o mundo agrario de Quián e o mariñeiro de Cangas. Os mozos de hoxe que escriben foron e son urbanitas. A súa aprendizaxe é moi deficitaria e problemática: foi de libro, foi de academia, foi afastada da realidade. Pasaron



GENTE A DIARIO ► Carmen Sevilla, presentadora y actriz.

Los amigos de la artista hacen público que podría tener Alzheimer >P85



por tantas mans extrañas e sen coñecemento, superaron tantas cribas, que só se pode falar do seu empobrecemento léxico.

E se lle pregunto polo momento social e político actual?

É un conflito, unha tristeza. Lembro un artigo de Carlos Casares titulado 'Colonia ou champú', no que se burlaba da arroutada política de falar de Galicia como unha colonia, sobre todo no terreo da lingua. Se vivise hoxe, pensaría doutro xeito. Porque camiñamos cara iso, cara a colonia. Aí están os casos lamentables da Coruña e de Vigo, as cidades que queren ser a referencia, e en cuestións lingüísticas son reaccionarias a

tope. A xente desfíxose da aldea dun xeito bestial, despreza o idioma, a loita dos devanceiros, o orgullo de Rosalía... É así. A perda da conciencia de pertencer a un lugar propio é unha realidade. Velaí está a entrega sucesiva que imos facendo do noso tesouro da lingua e tamén humano, no canto de dicir 'somos galegos e non é vergonza'. Falamos dalgo moito máis serio que vestir a camisola do Celta ou a do Dépor para ir romper os narices aos estadios.

Alomenos semella que o Goberno rectificará a asignación económica da Academia Galega e a igualará ás de Cataluña e Euskadi.

Segundo nos ven, así nos tratan.

Favorecemos a nosa propia ruína. Había que equilibrar iso das academias, por suposto. Pero iso non o é todo. Os cartos non solucionan nada. A lingua é patrimonio de alma. Os cartos veñen un día e outro vanse. É como quen vende un becerro na feira e pensa que xa é millonario. Á semana xa non ten nada. A Academia é unha cousa secundaria. Como dicía o outro: está para limpar, fixar e dar esplendor. As normativas son sempre unha eiva. Eu nas academias non creo. En ningunha. Teñen que estar aí, ben. Son unha plataforma e o que queiras, pero o idioma ten que existir moito máis alá delas, antes e despois.

Maio, mes da lingua

Entre cantos de arrollo e unha competición escolar de billarda

► A Festa da Lingua, que vén celebrando a asociación A Revira arredor do 17 de maio, trasládase este ano da Verdura á Ferraría

BELÉN LÓPEZ

✉ blopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. Conferencias e exposicións arredor da figura de Valentín Paz Andrade, o Concerto do Día das Letras do Consello da Cultura Galega, un obradoiro de cantos de arrollo e un mini roteiro para cativos de 2 e 3 anos guiado polos Bolechas forman parte da programación 'Maio, mes da lingua', que este ano presentou o concelleiro de Normalización Lingüística de Pontevedra, Demetrio Gómez, acompañado polo presidente do Centro Comercial Urbano Zona Monumental, Miguel Lago. O calendario inclúe dende proxeccións cinematográficas ata presentacións de libros e desenvólvese dende hoxe, Festa dos Maíos, ata o 1 de xuño, cando se celebrará unha recepción oficial na Casa das Campas. «Que haxa tal cantidade de asociacións e colectivos cidadáns organizando e apoiando esta programación significa que a normalización, falemos o idioma que falemos, é unha arela da inmensa maioría dos galegos», dixo Gómez.

Entre as actividades que máis se alongarán no tempo está o concurso 'Atopa o erro', que é o que viña a presentar Lago. Trátase da segunda edición dun certame que convida a localizar erros en palabras situadas nos escaparates do centro histórico. «Hai que atopar 20 erros e escribir a palabra correcta nunos dípticos que se distribúen polas tendas para participar no sorteo de dous agasallos», contou Lago. «A participación o ano pasado foi moi alta. A ver desta vez. Porque non é nada sinxelo, xa o dicimos».

Do resto das propostas, o concelleiro quixo destacar dúas principais: a presentación da obra poética completa de Xosé Vázquez Pintor e o Concerto do Día das Letras que celebrará este ano na cidade o Consello da Cultura Galega e que reunirá no mesmo escenario á Real Filharmonía de Galicia, a Coral Polifónica de Pontevedra e o Coro do Conservatorio Manuel Quiroga.

Como novidade, Demetrio Gómez comentou que a Festa da Lingua, que organiza a asociación A Revira arredor do 17 de maio, se vai trasladar este ano da Praza da Verdura á da Ferraría, «por onde pasa moita máis xente».

Os escolares son os grandes protagonistas da programación 'Maio, mes da lingua'. Ademais dos certames específicos de 'Benveñas, Maio', montarase cunha competición de billarda nos centros, que rematará cunha gran final o día 30 na Alameda, «na que agardamos convocar a uns 400 rapaces». Outra iniciativa dirixida aos mozos en idade escolar é o Correlingua, no que Demetrio Gómez fixo especial fincapé para destacar que o Concello de Pontevedra non só o apoia senón que é un dos organizadores.

Entre as iniciativas, que se poden consultar na páxina web do Concello, tamén hai un obradoiro de cantos de arrollo na Escola Infantil da Parda, e «un paseño da Peregrina á Praza da Estrela cos personaxes dos Bolechas».

...programación*

AXENDA DESTACADA DE MAIO

Do 2 ao 18 ✱ Concurso 'Atopa o erro' nos escaparates da CCU Zona Monumental

2 ✱ Presentación de 'Seara', de Xosé Vázquez Pintor, no Pazo de Mugartegui

9 ✱ Correlingua

11 ✱ Roteiro para cativiños de 2-3 anos cos Bolechas

12 ✱ Festa da Lingua

13 e 20 ✱ Obradoiro de instrumentos vexetais dos Chichisos polo Gafos

14 ✱ Concerto de Quempallou no Principal

16 ✱ Concerto do Día das Letras (CCG) no Pazo

18 e 19 ✱ Obradoiro de cantos de arrollo

29 ✱ Xurxo Chirro presenta 'Vikingland' no Principal

*TODOS OS ACTOS E HORARIOS EN WWW.PONTEVEDRA.EU